

MAIS ALO DE FISTERRE

Sinfonía metalúrxica escravizada

Quixen esta tarde esperarte
viaxeiro nun banco de cemento
namentres voaban solainas
polas miñas pálpebras.
Viaxeiro cinguido ñas lembranzas.
No fondo dun barril berra un martelo
sinfonía metalúrxica escravizada
de tempos non alíeos nin lonxanos.
Espereite esta tarde no ¿solileo? sentado
frente á rúa
respirando un vento estranxeiro
cheo de dúbidas.
No lonxano horizonte ata lonxe
da Brigantía terra en raíces,
esqueletos beillan no hemiciclo
dunha gaita que chora e non rí
Soa no intre un grito
é a emigración **que reivindica o seu**
lonxano paraíso.
Toca a morto
na flor do vento, voa unha esquila.
Namentres **choro**
voan pola rúa como **lixos**
as miñas bágoas.

Bágoas, bágoas dun corazón ferido, dun
corazón

aberto.

Diante de Deus berrei esta tarde.

¡Galiza non te esquezas, eu tamén son teu
]filio!

se morro lonxe,

dame no teu eido acubillo.

Adicatoria

Pra miña Galiza

*que me doe que esté lonxe
de **min** pero sei que ela sofre
máis porque o sufrimento de
nai sempre é máis forte.*

Da silandeira noite
e da sulagada ilusión
parideira de pantasmosos fillos
quizáis ti chores Galiza
por esa longa e parideira vida
de exilios e de mortes
de saudades e anceios
ó pe de cada intre, a carón de cada hora.
Quizáis non haxa corredoira nin abeiro
onde non se deixe sentir o bruar do teu
mar
onde non se escoite o silandeiro átomo
do teu agarimo.
O achádego do teu silencio é fermoso
Galiza
pero so o acadan os tolos, os lideiras e os
orfos da vida
Quizáis ti me comprendas Galiza
sen ánimo de politizarte eu quérote
porque ti mereces máis, moito máis

¡que mil que un millón de verbas falsas no
cumio **dun**

pulpito!

¡porque ti Galiza mereces moito máis

que o protocolo **duns porcos marráns**
cantando o

himno **galego!**

¡Eu quérote a ti Galiza!

non a eses homes, falsos hipócritas e xudas
que encabezan as súas listas políticas
eos nomes dos teus esgrevios fillos morios.

Eu sei o que ti agardas Galiza,
ti agardas a verba humilde e sinxela
dése teu home campesino e mariñeiro,
na súa canción de nana
tremendamente cotián.

Manteño a espranza
de que os teus fillos
saiban erguerte ó cumio da túa identidade,
sen que en Madrí decidan o teu destino.

Dende a lonxanía do exilio
das miñas circunstancias
presinto que na derradeira verba de calquer
tarde
tremerás nun aturuxo,
de meirande liberdade.

A ós emigrantes latinoamericanos.

Sodes a man de obra barata

nesta terra **extranxeira**,

ata **hoxe** pirata

con vocación **beatifiqueira**.

Na **túa loita cotián**,

no **teu** paso pola rúa

sexa o **meu** verso ideal

da **unidade** túa.

A **débeda** que vos **impuxo**

é o voso talón de **aquiles**

pro virán **novos** abriles

co corazón de **buxo**.

Berro contra os imperios

que **dende sempre** sangraron **os** pobos

contra **eles** me desfago en improperios

porque vestidos de **ovellas** **saíron** lobos.

Soñó sempre coa **espranza**

de ollar as vosas liberdades

pra nivelar esa balanza

onde nunca vos **pesades**.

Elexía ó escultor Xoán Piñeiro

Sulagouse a noite
eos teus ollos pechados.
Sulagouse...
Teu corpo espido
parece unha noite longa
pechada nun cadaleito.
As tebras volvéronse brétemas
a ilusión enfeitizouse pranto.
No intre dun silencio
pendura...
todo canto se pensa
todo canto se arela.
O derradeiro badelazo
crispa o silencio.
Cen olladas te miran
cinguidas ó tempo
unha campá verde acólllete no seu seo.

O murmurio do vento
chora polos penedos
e o sepultureiro
dache o derradeiro adeus;
co mesmo martelo que un día
fixeches ti de canteiro.
Cen olladas te miran
cinguidas ó tempo
o murmurio do vento
chora polos penedos...

U.S.A. homenaxe a Nicaragua

Sobor do ceo escuro ianqui

xa non brillan estrelas

tan so misiles pershing

con anguria de guerra.

O seu instinto do mal

xa non coñece fronteira

pois baixo a súa bandeira

hai un ruído mortal.

O mesmo que estreleceu

en Nagasaki e Hiroshima

sempre a dictadura mima

e sempre a manteu.

En Nicaragua e Honduras

voa como un tecelán

e como un bicho do rastreiro chan

impon as súas leis duras.

Máis non por iso
sempre vence o máis forte
que un pobo sumiso
pode darte morte.
Morte pola liberta
que a uns fas máis caciques
e a outros non lies admities
poder dicir a verdá...

Frente a Casa de Galiza
Nova Iork inverno do 84

Escribo diante das túas portas
namentras cen bágoas pétanme **no peito**
¿Que foi de ti Casa de Galiza?
¿Quen escondeu a túa bandeira?
¡Berro esta tarde, berro!
porque te olio estranxeira.
Si Castelao soubese
que xa non tes compañeiros
que os ideáis de aquela espera
trabucáronse españoलेiros.
Agora so formalismos
so temos presidentes
cerimonias paparruchas
lerias fora dos dentes.
Nen a túa lingua falan
nesta casa do teu nome
sinto de ti fame
e rabia dos que te calan.

Presumen de galeguistas
e cada día te ofenden
cando como folkloristas
diante do mundo te venden.
Probé favor te fan
pro no fondo danme pena
pola súa mentalidá pequena
que non comprende o teu chán.

Quinta Ave.

Gostaríame sorrir esta tarde
caminando pola Quinta Ave,
filando os novos e vellos xudeos
arrempuxado pola xente que voa con aires
de presa
e non coñecen a Deus.
Gostaríame bicar aquel meniño
que choraba de rixo
mentras a súa nai falaba coa súa confidente
reina do charol.
So teño un sorriso pra aqueles vellos
que xogan co tempo e falan de amor.
Duas pombas xuntan o aire da tarde co
vento da noite.
Ó lonxe moi lonxe chove miudiño, nunha
terra
que non sei que ten.
As campas tocan a morto, o Miño baixa
ergueito e
silencioso
con bágoas de estrelas.

Fito o lonxe pola xanela do meu corazón
mentras me perdo caminando.

A Quinta Avenida é un camino longo
onde a lembranza
é unha carreira de zapatos.

Hudson Street

Un día máis
e Hudson Street
aseméllaseme a un calexón sen saída
ou a un sulco da miña ialma
que non camina.

Un día máis
e o meu corazón sacudido pola saudade
non pode máis ca terminar
¿cando navegará tranquilo ó destino
desexado?
quizáis xamáis,
ou tal vez estea construindo
o seu propio destino.

Separáronme do mar que tanto quero
e síntome náufrago
porque me faltan as gaivotas e as gamelas.

Quédame a lembranza
do vello lobo do mar.
E sobor estes meus versos
e este meu exilio.
Eu mil veces forte
diante de tódalas adversidades,
como un neno pequeno
terminarei chorando.

Paisaxe

O vento **xemía**
na **fiestra**
e choraba na **solaina**.
Un can ladraba
na caída da tarde de verán.
A **doída** letanía **dunha vella**
fíxose canción na **lonxanfa** da **noite**.
O **sorriso dun** neno que **soña**
quedouse no **intre** de distintos **lempos**.
Os longos caminos
teceron sombras de **medo**
na noite da **nosa** galega terra,
e o **ceo tremeu medoñoento**
sobor da **derradeira** pena.

Harlem

De ti canto falan
cantas veces maldito,
e tí sempre beillas
o vals do crocodilo.
Todos te coñecen
de ti falan pestes
e todo son mortos
dende que te ergestes.
A túa cor é negra
de verbas estrañas.
Todos ignoran
o que levas dentro
a historia as raíces
e o teu sufrimento.
Olíante co seu olio de vidro
sempre tan cegó e pequeno,
pro ti Harlem vives e vivirás polo eterno
beillando o son dese tronco
sempre de cor negro.

Manhattan

Seremos sempre felices
en calquer curruncho da térra
porque ti e máis eu nos queremos
como se queren os versos
na vellez do poeta.

Porque ti e máis eu nos queremos
silandeiramente sempre
entre o sol que nos da o verán
ou o xaneiro da nevé.

Seremos sempre felices
porque sempre teremos que compartir
mágoas
dúbidas e doces segredos
que a carón dos teus beizos comparto
sempre

Lonxe da nosa terra nas noites
bretemosas onde non existe o ceo,
ti acochaste xunto a mín
e os dous soñamos perto
eos seráns alen do Miño
paradiso que non esquecemos
e percorremos o Torroso o Trega
ou os montes de Tomiño
sempre nosos, silenciosos, inconcretos.
Seremos sempre felices
máis aló deste inferno.

Frente a Wall Street

Cantas arelas gardas
demo de cemento e finanzas
adorante todos como un ídolo
e ti gozas coas súas gabanzas.
Ti riste dos necios ignorantes
que soñan conquistarte.
Teño que rirme contigo
pois moitas veces téns razón
todos te queren de amigo
máis coa cobiza que co corazón.

Frente a ti vello xigante
de veráns e invernías
ti es o faro alumeante
destas mans xudeas.
Ninguén poderá educarte compañeiro
nin convertirte a humildade
pois é en ti o diñeiro
a derradeira verdade.

Tarde de pranto

Esta tarde...

hai unha cerrazón de cousas estrañas
que non as entendo.

Mentras espero

hai ó lonxe un vieiro
onde nunca chego.

Pésanme tanto as ausencias
que o meu corazón é un sartego.

A Rúa

Polas vellas rúas de sempre
que caminan silandeiras
vou apagando o meu soño
con vellas lembranzas belidas.

E á rúa volta o agarimo
que pra mín tivo sempre
porque a rúa é o inesquecibel
camino do eterno...

Soan cen pasos no fondo
dunha rúa que se perde
e que está falando soa
ninguén a comprende.

Paz

Xa é noite na terra
que fermenta o agarimo
de paisaxes cotiáns.

Xa é noite na rúa
que persiguen os pasos
dun vello ideal.

Xa é noite no peito
dos homes cansos
de tanto loitar.

Xa é noite na xusticia
de arelas verquida
e de nunca aplicar.

Xa é noite no tempe
do emigrante lonxano
que non ha de voltar.

Xa é noite na esperanza
dos corazóns unidos
que buscan a paz.

/

Primaveira de exilio

Esta primaveira
de pranto e fogo
encerrárame entre as súas paredes
estivais do silencio.

Esta primaveira de nevé
e de exilio
caira sobor da miña ialma
tremendamente lonxana.

Unha fiestra
abre os sulcos da miña espranza.

Nesta primaveira
louca quizáis pra outros corazóns
será frío metal cotián
que tallará os meus latexos.

So Deus sabe
a dor desta ausencia.

Só

arredor dun silencio infindo
morto debaixo dunha noite sen estrelas
que as sinto cair como unha lousa
sen agarimo.

Este é o silencio de Nova lork
onde como tódalas cousas
ata el se vende ó mellor postor.

Pro de súpeto como un eco lonxano
sinto o teu aturuxo.

As bágoas caen pola faciana
a lembranza de Galiza non me cabe **no
peito.**

Soa un berro na noite
temeramente angurioso
ninguén me escoita.

Pro lonxe, na soidade de calquer recuncho
no marmurio dos pinos,
no batuxar tranquilo
de calquera praia.

Ti Galiza comprenderasme.

Tempo de cuaresma

No fondo do café
está sentada
unha puta co sorriso nos beizos.
Unha música leda e de sempre
ruidosa cun fondo feiticeiro.
Un can do palleiro
durme na porta
namentras en silencio bebo
un vino branco que da noxo
misturado con auga do tempo.
Non sei que día é hoxe
neste intre ata me esquezo
de que é cuaresma i en venres
a igrexa condea comer carne.
Namentras para puta vexo...

O tempo A miña nai

O tempo é unha enrugada silenciosa
ou un verme esquizofrénico
que ahonda nos nosos beizos.

Tería que suicidarme esta tarde
pra ser fiel os meus sentimentos
ou esquecer o sono

pra non soñar contigo.

Tería pois que pendurar o alcume da razón
e queimar a belida fotografía
amarela e prensada na parede da miña
memoria.

O tempo é unha arruga silenciosa
Ou un verme esquizofrénico...

A Nosa Señora da Libertá

Made in U.S.A.

Berrei forte ata rebentar
diante da túa man estranxeira
a que sostén a fogueira
que din é da liberta.
Que cousa de espanto
a que eu sinto
e mentras escribo canto
e xuro por ti que non minto.
Mais érgueste nuns pes
que teñen o firme enlodado

no que anda **revolto** o pecado
da contaminación que ti ves.
Que **fermosa** te olio no **outeiro**
coa man cara o **ceó**
e por **intres** pensó eu
que ti es **unha loucura**.
No **nome** da túa grandeza
canto tiro **po-la caluga**,
canto **noxo** e vileza
e como medra tanto fillo de puta.

Roxa de vergoña a cara **túa**
é unha triste **paisaxe**
pois voou co vento a túa **mensaxe**
e **so** te escolta unha triste lúa.
Apaga a luz que tes **acesa**
e non **perdas** a **espranza**
acende e **ergue** a cabeza
cando non **sexas** venganza.

Dos pobres de espíritu

Aló fincado na baranda
onde se garda o centeo
brillaban como brillan na **noite** as **bágoas**
dun sentimento de pena.
Percorreron os **meus** olíos
todo canto **eles** puideron
e **busquei** os **cun-unchos**
donde **xoguei** de **nenó**.
Lembreime dos patriotas
exiliados polos **governos**
e de **outros** que **fuxindo** da **fame**
tiveron que **deixar** o seo
donde estaban as **súas raígames**
eternas do **evanxelio**.
Ata o can de **palleiro**

oubeaba coa miña pena
e nun intre pregunteille a Deus
por que se vive así na terra.
Pechei os ollos, camiñei,
choraron as miñas venas.
Todo foi silencio, e a lembranza
ruxiu do peito á cabeza.

Agora cheguei a este cemiterio de vivos
donde o bandullo medra
e os enanos de Celso Emilio
sen sentimento nin cerebro
renegan da nosa grande Galiza
sempre por grande eterna,
e fálannos en castrapo
que nin eles mesmos emenden
por mentalidá teñen
a presunción e o diñeiro
e cando voltan á vila,
so a pasar un tempo
non sei se da riso
ou se da noxo velos.
Caminan con chapeu de marca
mercado no estranxeiro
e van ó café dos ricos
pois probes deixaron de selo.

Non coñecen os arrimos
eos que traballaron fai tempo
nin saben de vacas marelas
perdéronse por lamentos.
Xa non rín os nenos pequenos
como rían os seus antergos
e a súa faciana e unha mueca
que da risa e medo vela.
Ganaron no material
pois teñen coche e facenda
pero viven co probe espírito
de ser probes sen sabelo.

Manhattan

Quizáis logo,
empece a ser feliz...
Cando non pense
que mentres arrote, morren de fame
centos de miles de nenos adultos;
o mesmo en África que en Nova Iork.
Cando asimile como tantos
que ten que existir odio entre negros e
brancos,
facendo do racismo
unha guerra santa;
e mentras pense
que a felicidade está en Wall Street.

Agora que o pensó ben,
quero seguir sendo tolo.

Punto 0

Morrer en Nova Iork.
Decapitar o sentimento
dende a fiestra de Wall Street.
Ou subir pola rúa do vicio.
42 St. Punto 0.
Un feixe de putas balanceándose
como unha péndola.
Olios como dentes que firen o desexo.
Puto vicio de putas,
puteando a puta noite.
Namentres o carallo
beilla a muiñeira coa punta do pe

Poema triste que quiso ser ledo

Si estivera en Galiza por exemplo
estaría ó teu carón meu río Miño,
devalando os soños e filando os carballos e
os eidos
que te abanan.
E sinembargo estou eiquí seica tan lonxe
e miro cara ó ceo desde un buraco
pra ver se acaso escoito unha muiñeira.
Agora que xa chega a Primaveira e os
toxos
cheiran a rapaza nova, e os merlos cantan a
sinfonía
do lecer estrelecido, e a malladeira faise
aturuxo na
eira.

Eu estou a milleiros de kilómetros
nuha illa aferrollado a unha metálica festa
de enterro.

Eiquí os homes morren cada día soñando
que son ledos,
e viven de presa por que din que o tempo é
diñeiro.

E ó fin do día cando voltan cansos
aseméllanse máis que persoas,
probes burros fariñeiros.

Si estivera aí miña Galiza,
podería defenderte, contra a inxuria e o
rudo encono
de tanta xente.

Esta tarde

a meu pai

Esta tarde...

Saquei da poeira do meu soño

todo canto podía imaxinar desperto,

e senteime na porta do tempo.

Non sei se son carne ou terra,

nin sequera lembranza.

Os beizos do teu amor morren nun bico.

Mentras eu ó lonxe,

peno, Galiza.

Door

Doe a door dos probes

eles máis que ninguen,

coñecen a indiferencia.

Esa man extendida é un planeta,

de arrugas e de días.

Seu corpo encollido na esquina dunha rúa

está cheo de silencios, ausencias e dúbidas.

Doeme a door dos probes,

cada vez que os vexo sinto frío.

Hai unha noite no meu pensamento

cando vexo esa inxusticia de cada día.

Até a igrexa que garda tanto ouro

pouco fai por salvar esas vidas.

Namentres temos aí esa paisaxe
desta sociedade, miserable e corrompida.

Escribo para ti

Escribo sobre os versos esta noite
neboentas sílabas do silencio,
que tremecen os meus sentimentos.
Escribo polas verbas polas bocas
dos que estiveron calados sempre.
Escribo nun papel que nada vale,
pro valen as miñas verbas.
Comparto a carón das inxusticias
a túa man de compañeiro
aquela que navega como un río,
e se chama campesino e mariñeiro.
Mais non a que apreta o fusil,
a que odia, a que mata,
a que dicta sentencias e leis
como supremos xuíces.

Escribo polos pobos pequenos

asoballados sempre

polas cadeas dos imperios

que xamais desaparecen.

Escribo enriba dos teus beizos

que me dan vida.

E escribo tamén para min

que son egoísta.

Escribo para min con rabia,

esta noite, estas verbas.

Poema que quisو ser elexía

Os mariñeiros do Velasco II

Quixen escribir unha elexía
e non puiden.

Xeiáronseme as bágoas.

Mirei ó ceo

Deus non dixo nada.

Neptuno xuroume polo seu pai

que non foi súa a culpa,

e eu pregunto

¿quen os asasinou?

Erades once

case tantos como os apóstoles.

Compañeiros...

Meus irmáns da vila de A Guarda

chegoume co loito da noite

a nova da vosa morte.

As rúas silandeiras

gardan silencio.

Mentras ó lonxe escribo estas verbas,

que me roen de raiba e pena.

Meus irmáns de A Guarda

a vosa morte fíxose hoxe poema.

O labirinto

Puidese ser que sentado
nunha tasca que aquí lle chaman café.
puderas descubrir o segredo do labirinto;
na circunferencia dun caneco de vino.
Ou pudera ser que o labirinto é
esa maleta que nunca desfixestes
cando saiches de Fisterre.
Emborráchate se queres, e baralla tamén
pero non confundas nunca os semáforos da
primeira avenida eos cruceiros de A
Guarda.
Cando vexo que te pasan estas cousas
dame a risa,
aínda que a intres dasme pena; e sen
embargo o teu
labirinto, está cheo de senso dramático.

Fisterre

A longa travesía de noxentas lonxitudes
fíxose lembranza no peito.

Un neno de tres anos chamado Breogán
olíate en silencio.

Sabe o que está sucedendo
vai camino do estranxeiro.

Apértase á súa nai e chora.

pola venta olíanse en silencio as estrelas.

Ó lonxe hai outro mundo que espera.

Tan lonxe está Fisterre que pra ollalo
so teño que pecha-los ollos.

Xeografía

Ainda que non queiramos
as imaxes nin nos esquecen
nin as olvidamos.

O querer falar de ti e logo calarme
e sufrir por dentro todo un tormento.

O amor roe e a xuventú é unha doenza
que se cura co tempo.

Calo e pensó,
namentras de vagariño
espréitanme os pantasma.

Abrir este poema

Abrir este poema pra pecharte
e roubar o silencio que te envolve.
Sentir ciumes da auga
que repite a imaxe reflexada.
Caminar polo camino do teu corpo
e descubrir a túa praia.
Abrir este poema para contarte: que a carón
das carballeiras do río Miño, dormen os
nosos bicos
como dorme a lúa nos contos de fadas.
Pechar este poema, que ninguén roube o
relicario.
So a ti e a min nos pertenece
esta lembranza.

Poema da volta

Daquela eu ferido pola saudade
quixen escribir o poema da volta,
e non puider.

Como falar de ti Galiza; como falar da
montaña
e do val.

Senteime e pechei a boca e pechei os ollos
porque aquilo era un soño. Busquei polos
rincóns

da casa, os segredos da miña adolescencia
non os atopei.

O desacougo da miña sinrazón báteme no
peito.

Agora ó lonxe escíbete estas verbas.

Hudson River

Unha pomba metálica
afógase en Hudson River
namentras arrota o silencio
peixes sen escamas.
Sentado alen do tempo
fírense as navallas.
O frío mata os mendigos
e a policía sorrí
con pétalos de metralla.

A os nenos e nenas do Centro de Educación

Especial, San Jerónimo Emiliani de A Garda.

Eu ollei uns ollos
nun espacio de silencio,
arredor dunha noite
parada no tempo.
Ollei uns beizos
de tristeiro medo,
dun neno calado
en esquecido pensamento.
Sentín un corazón perto
dun rapaz que chora
a cotío medoñento.
E unhas mans abertas
buscando o que iñora,
lle negan os cuerdos.
Sentino de cerca
na rúa perdida,
a súa boca aberta
toleou nun berro.

¡Eu teño dereito á vida!

Tempo de sementeira

A meu fillo Breogán

Ti es a miña nova **espranza**
a ilusión do **tempo...**
A **túa** voz de **guerreiro xa** a **sinto**.
Onte podía sentirte
no **ventre** da **túa nai**,
onte eras so unha ilusión **feiticeira**,
hoxe toda unha **realidade**.
¡Berra forte **Breogán!** !Non cales!
que **ti pertences** a unha **nobre e fidalga** raza
¡Non **sintas medo!**
Ti **naciches** pra ser **ceibe**,
dono da montaña e do val.
Agora **véxote** ó **meu** carón,
ainda pequerrecho, co **sorriso** nos **beizos**,
e **pensó...**
Breogán naceches en **tempo** de
sementeira...
Agora **véxote** coa intención de **falar**
e as **túas** verbas **resístense** a **sair**.

¿Quen poidera comprender os intres do teu silencio?

Pero a túa verba sairá,

todo e cuestión de tempo,

e ti herrarás Breogán.

Porque ti naceches en tempo de sementeira.

Caqnción de amor para un aniversario

A Lola: Miña tabla de salvación

Apenas fai dez anos

e a noite tremeceu co noso silencio.

Apenas fai dez anos

eramos brazos do vento.

Despertó esta manan

e os teus bicos

tráenme ledicias e sabores

dun tempo que nunca pasa.

Apenas fai dez anos

e esta tarde

non podo menos que decirte; Gracias amor

por amarme tanto.

Voo 952

Once mil metros de **altitude**
voando cerca de **Deus** esta tarde,
penso en **ti Galiza**...
Galiza da razón e contra o **tempo**
de novo **vou** a ti con ese **anceio**
de filio e amante do **teu corpo**
espallado polo verde **cos teus ríos**
como venas de **sangue** en silencio.

Como amor

Como escribirte un poema de amor
miña amada...

Aquí a once mil metros de **altitude**,
donde **Deus** está a un paso.

Como sentir os **teus beizos**
roxos e locos de **paixón**.

Como decirte amor, que **nesta** altura **tamén**
te quero.

Como decirte...

Que aquí flotando entre nubes;
nun espacio de algodón case tan leve coma
ti.

Como amor: como calar.

Como calar este amor que me **roe**
e me mata de **felicidade**.

